

O GALEGO CAMPA
Dinamización lingüística nos campamentos de verán



PINTAMOS A MÚSICA

Tipo de actividade:

Actividade de distensión.

Idade: De 9 a 14 anos.

Participantes: Actividade en grupo.

Duración: 1 hora.

Materiais:

- CD *Desaparafusador de gominola*.
- Témperas, pinceis, auga, rotuladores etc.
- Rolo de papel de cor branca.

Obxectivos:

- Relacionar a linguaxe musical coa arte e coa linguaxe da cor.
- Identificar música e pintura coa estimulación, a creatividade, os sentimentos, coas texturas, etc.
- Ampliar as habilidades de comunicación oral en lingua galega.



DESENVOLVEMENTO

Primeiro facemos grupos dunhas catro persoas. Cada grupo collerá un anaco de papel de cor branca. As medidas do rolo de papel teñen que ser amplas e faremos unha especie de mural de, por exemplo, 2 x 2 metros. Cada grupo escolle témperas, cores variadas, pinceis, rotuladores etc. Logo poñemos o CD *Desaparafusador de gominola* e cada persoa representará a través de pinceladas no panel, o que a música lle transmite. Suxerimos traballar coas cancións "O bosque", "A feira" e "Desaparafusador de gominola" e incluso repetir varias veces. Cando analicemos o resultado podemos observar as cores que utilizaron, se foron cores claras ou escuras, representativas do sentimento que lles producise cada canción, as pinceladas segundo o ritmo da canción, se engadiron palabras ou só debuxos etc. Trátase de analizar o resultado da súa arte en función do que lles transmitían as letras e as músicas. Cada persoa do grupo comezará a describir o seu "cadro" coa frase "A arte e a música representan para min...", así falarán desde unha perspectiva individual, e despois coa frase "A arte e a música representan para o meu grupo..." comezan a falar dando unha visión global do "cadro" debuxado por todo o grupo.

Podemos realizar unha variante desta actividade traballando de novo cos mesmos grupos de rapaces e rapazas. O monitor ou a monitora escolle unha canción do CD e cada grupo quedará coa estrofa que máis lle guste para pintala sobre un panel. Unha vez que rematen expoñeranse as obras de todos os grupos e terán que adiviñar a que canción e/ou a que estrofa se refire.

OBSERVACIÓNS

É aconsellable que o monitor ou a monitora axude no inicio os rapaces e rapazas a expresar o que sentiron a través da música a través de pautas e preguntas como: Que representan para ti as cores que pintaches? Por que son variadas as pinceladas? Que formas empregaches?

No web www.xunta.es/linguagalega/o_galego_campa están descargables as letras das cancións, as fichas de actividade e os materiais complementarios. O web inclúe, ademais, un espazo de participación.